

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN**

EXTRACTO da Orde do 31 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a empresas privadas, en réxime de concorrência non competitiva, para o fomento da sustentabilidade no desenvolvemento da actividade industrial do sector dos recursos naturais en Galicia, e se convocan para o ano 2023 (liñas de axuda 1 e 4) (código de procedemento IN308D).

BDNS (Identif.): 677114.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

a) Empresas privadas que, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, realicen actividades reguladas pola Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas, e contén co título de carácter administrativo que resulte preceptivo para o desenvolvemento das ditas actividades ou, cando proceda, coa conformidade do órgano administrativo correspondente, todo o cal poderá ser comprobado de oficio pola Administración (liña 1 e liña 4).

b) Empresas privadas que teñan algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia dedicado ao envasado das augas minerais naturais e á explotación de balnearios e que contén co título de carácter administrativo que resulte preceptivo para o desenvolvemento das actividades, de conformidade coa Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, todo o cal poderá ser comprobado de oficio pola Administración (liña 4).

Considerarase empresa toda entidade, independentemente da súa forma xurídica e do seu modo de financiamento, que exerza unha actividade económica. En particular, consideraranse empresas os empresarios persoas físicas que exerzan actividades a título individual ou familiar, así como as sociedades de persoas que exerzan unha actividade económica de forma regular.

CVE-DOG: pt6yrrk1-kq9-pat6-nym1-06t5ckyznab3



Segundo. *Obxecto*

Aprobar as bases polas que se rexerá a concesión de axudas da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación para fomentar e incentivar a sustentabilidade, nas súas dimensións económica, social e ambiental, no desenvolvemento da actividade industrial do sector dos recursos naturais en Galicia, así como a súa convocatoria para o ano 2023, a través de cinco liñas de actuación.

As axudas que correspondan a actuacións encadradas na liña 1 serán para financiar os investimentos destinados a incrementar a protección do ambiente da zona afectada pola actividade mineira. En xeral, todos aqueles investimentos destinados a previr ou emendar danos ao contorno físico ou aos recursos naturais e, especialmente, os destinados á mellora da calidade do ambiente atmosférico mediante a redución das emisións de po e ruído.

As axudas que correspondan a actuacións encadradas na liña 4 serán para financiar os investimentos destinados á adquisición de equipamentos de eficiencia enerxética e/ou para a elaboración de auditorías enerxéticas directamente vinculadas aos devanditos investimentos nas empresas do sector mineiro, en especial as empresas que se dediquen ao envasado das augas minerais naturais, así como as empresas de explotación de balnearios.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Inclúense no anexo I da Orde do 31 de xaneiro de 2023.

Cuarto. *Contía*

O crédito destinado a estas axudas é de 700.000,00 euros para as axudas da liña 1 e 560.000,00 euros para as axudas da liña 4.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes e comezará o décimo quinto día hábil posterior a aquel en que se publique esta orde no DOG, e concluírá, no mes de vencemento, o día ordinal anterior ao día en que comezou o prazo.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2023

Francisco José Conde López

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación

